

ACTA Nº 2018/6
SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALON DE PLENOS, sábado 7 de xullo de 2018 -

No día de hoxe, ás 11:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria-interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SECUNDINO GARCIA CASAL

ASISTEN:

BNG

AMPARO CALVO GONZALEZ

MANUEL VARELA MECIAS

SABELA IÑIGUEZ CINZA

MANUEL BECEIRO COUCE

ANA BELEN BREIXO GUNDIN

XESUS MANUEL SOTO VIVERO

PP

MANUEL ROMERO CASTRILLON

MARIA BELEN TRIGO MEIZOSO

PSOE

YOLANDA VAZQUEZ PAZOS

AUSENCIAS:

PP

CRISTINA CALVO TUIMIL

SECRETARIA:

IRIA LUISA DÍAZ GAVELA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 5 DE MAIO DE 2018

Ao non haber ningunha obxección, o presidente declara aprobada por unanimidade a acta da sesión ordinaria do 05.05.2018.



2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O NÚMERO 50/2018 ATA O NÚMERO 97/2018.

Os concelleiros e concelleiras danse por enterados.

3.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 98/2018 DE DATA 4 DE XULLO DE 2018, SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O Alcalde cédelle a palabra ao Portavoz do goberno municipal, Xesús Soto, que explica que existía unha delegación xenérica na Xunta de Goberno Local das atribucións da Alcaldía, coa que, debido aos propios procedementos administrativos e aos métodos procedimentais é necesaria a aprobación, mediante resolucións de urxencia da Alcaldía, dos procedementos ordinarios que non poden agardar á Xunta de Goberno Local. Isto, xunto co feito de que a celebración das Xuntas de Goberno Local é cada 10 días, fai preciso realizar esta nova delegación na que se realiza a proposta das delegacións concretas de cuestións que non son urxentes na Xunta de Goberno Local que rexen a partir da aprobación da resolución 98/2018.

O Pleno dáse por enterado.

4.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DECLARAR PERSOAS NON GRATAS AOS COMPOÑENTES DA "MANADA", PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA PARA A TRAMITACIÓN COMO ASUNTO URXENTE.

Consta no expediente a seguinte moción do Grupo Municipal do BNG, que non foi sometida a ditame da comisión previa, polo que debe ser sometida para a súa consideración de urxente, polo que se procede a someter a votación, **sendo aprobada a súa urxencia por unanimidade.**

A continuación, o Alcalde cédelle a palabra á concelleira delegada de igualdade, Ana Belén Breixo, que procede á lectura da moción que, literalmente, transcrita di:

"MOCIÓN PARA DECLARAR PERSOAS NON GRATAS AOS COMPOÑENTES DA "MANADA"

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres, 21 de xuño, a Audiencia Provincial de Iruña acordou pór en liberdade aos cinco agresores (violadores), autodenominados "A Manada", condenados por ter sometido a unha moza de 18 anos a reiterados actos sexuais, por parte de todos eles, en contra da súa



vontade e facendo uso da súa condición de superioridade: numérica, física e de idade, durante os Sanfermíns de 2016.

Estes feitos foron cualificados xuridicamente como abusos sexuais por parte do mentado tribunal que lle levou a condenar a 9 anos de prisión aos acusados. Que vén de completarse coa decisión de non prorrogarlles a prisión preventiva ante a gravidade do sucedido, polo que dende o venres 22 de xuño están na rúa. O tribunal emprega argumentacións difíciles de entender por parte da sociedade en xeral como se ten demostrado na rúa, e polo movemento feminista, en concreto.

É coñecido e notorio que A Manada non ten amosado o máis mínimo arrepentimento pola súa aborrecida pero habitual práctica. De feito, os cinco teñen defendido publicamente o seu desprezo pola vítima e sitúan o acontecido nun plano de normalización, elevando o sucedido a consentimento, a pesar de que ninguén o entende.

E como reacciona o Tribunal? Acordando que aos agresores deben manterse a 500 km de distancia da vítima. En definitiva, coa súa decisión, os maxistrados confinan á moza nunha suposta furna de cristal, e permite a libre deambulación dos condenados por todas partes do territorio que consideren. Nesta situación, cabería preguntarse, pois logo, quen é o condenado: a vítima ou os seus agresores?

Non está demais lembrar que as Corporacións municipais son a expresión do mandato cidadá, e á marxe quedaríamos da sociedade se non recollemos o clamor da rúa, o pensar e sentir de miles de mulleres e homes, ante a inxusta resolución a esta situación tan grave, que vai contra a liberdade de máis do 50% da poboación deste Estado: as mulleres.

Non só apoiamos todas as mobilizacións convocadas; rubricamos todos os manifestos e colaboramos en todas accións de rexeitamento que se teñan ou se vaian organizar, canalizando, a través dos instrumentos democráticos, ese clamor cidadá. Chegou o momento de dar un paso máis, e que sexan as Corporacións Locais as que, de motu propio, poñan o seu gran de area na denuncia desta inxustiza social e sumarse, por iniciativa propia, ao berro cidadá polo caso da Manada. É o momento de declarar persoas non gratas nos nosos concellos a:

- José Ángel Prenda Martínez
- Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena
- Jesús Escudero Domínguez
- Ángel Boza Florido
- Antonio Manuel Guerrero Escudero

Para deixar claro o rexeitamento aos agresores en todo o país, porque a sociedade entende que si foi un feito moi grave. É necesario e urxente o entendemento da xustiza e a sociedade en temas tan sensíbeis; e con este feito, trasladamos a solidariedade e arroupo á vítima, para que non se sinta nin culpábel, nin sinalada nin condeada.

As agresións sexuais son a arma máis empregada para librar esta guerra contra as mulleres que, non era sen tempo, xa se vai facendo máis visíbel, e por fin deixou de ocupar espazos de



recheo para situarse nos titulares de apertura dos medios de comunicación. A loita feminista das últimas décadas foi vital para iso.

O caso da Manada é o cumio do iceberg e debemos aproveitalo para visibilizar os centos de casos anónimos que suceden ao noso arredor con moita máis frecuencia da que nos pensamos; e por parte de homes que non están enfermos. Que saiban todas as vítimas anónimas que estamos con elas e que non nos doen menos. E que todos e todas entendamos que o silencio nos condena.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. A declaración de persoas non gratas a:

- José Ángel Prenda Martínez
- Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena
- Jesús Escudero Domínguez
- Ángel Boza Florido
- Antonio Manuel Guerrero Escudero

2. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal dos cinco condenados a nove anos de prisión pola agresión sexual xulgada na Audiencia Provincial de Iruña.

3. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio real que ten."

A portavoz do PSOE anuncia o seu voto a favor da proposta.

O portavoz do PP anuncia que está de acordo coa moción, aínda que lembra que xa se votou no Parlamento de Galicia unha declaración institucional sobre o asunto que foi aprobada por unanimidade grupos políticos. Traslada a súa solidariedade coa vítima e coa súa familia e amosa o rexeitamento a calquera agresión de tipo sexista. Sinala que comprende a indignación das mulleres e da cidadanía como consecuencia do fallo xudicial. Manifesta a necesidade de traballar conxuntamente pola igualdade real e efectiva, na defensa dos dereitos das mulleres e para erradicar as desigualdades e os distintos tipos de violencia que exercen cara a elas. Traslada a súa disconformidade co fallo da sentenza.

Advirte que existen outras sentenzas que afectan aos veciños de San Sadurniño que tamén deberían tratarse no Pleno.

O alcalde advirte que o comentario anterior pode resultar incluso un insulto ao mesturar temas que non teñen nada que ver.

Rematada a quenda de palabras, sométese a votación **resultando aprobada a moción por unanimidade.**



O Alcalde propón o tratamento do punto **APROBACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2019** fóra da orde do día, previa aprobación da súa urxencia.

Consta no expediente a proposta da alcaldía que se reproduce a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Como todos os anos, o Concello de San Sadurniño, ten que determinar dous días de festa local no termo municipal de San Sadurniño, de carácter retribuído e non recuperable, para o vindeiro ano.

*Polo anterior, **PROPONSE** que o Pleno do Concello de San Sadurniño, **ACORDE:***

Declarar como festivos locais para o ano 2019 as seguintes datas:

<i>5 de marzo de 2019</i>	<i>Martes de Entroido</i>
<i>2 de xullo de 2019</i>	<i>Santa Isabel</i>

O Alcalde xustifica a urxencia porque a mediados do mes de xullo chegará a notificación da Xunta e o próximo pleno ordinario non se celebrará ata principios do mes de setembro. Sometida a consideración de urxencia, **é aprobada a súa urxencia por unanimidade.**

Non se desenvolve debate, polo que se somete a votación **resultando a proposta da Alcaldía aprobada por unanimidade.**

5.- MOCIÓN DE URXENCIA.

Non se presentan mocións de urxencia, polo que se pasa ao seguinte punto.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Tras manifestar as portavocías dos grupos municipais do PP e do PSOE que non teñen ningún rogo, a alcaldía abre a queda das preguntas que consideren oportunas.

- A portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, pregunta se o Concello de San Sadurniño solicitou á Dirección Xeral do Catastro que se realizara unha revisión dos coeficientes dos valores catastrais.

O concelleiro delegado de facenda, Xesús Soto, respóstalle que non o solicitaron.



- A concelleira do PP Belén Trigo anuncia que, despois da sentenza na que se condena ao Concello de San Sadurniño, que prexudica a todos os veciños e veciñas, como partido político na oposición se ven na necesidade de pedir un pleno extraordinario por rexistro, con axuda do PSOE, para que se explique esa sentenza paso por paso, facendo preguntas e esperando recibir respostas por parte do equipo de goberno. Despois de que no En Bloque se poña que a taxa a pagar son 504.000 e pico de euros, intereses incluídos, pregunta se o goberno municipal está de acordo con esta sentenza? É iso o que pon a sentenza? Asegura que ela leu a sentenza e non pon iso.

O alcalde contesta que a sentenza está recorrida, polo que é obvio que non están de acordo coa sentenza. O que pon a sentenza é que había un contencioso administrativo, non unha causa penal contra un equipo de goberno, nin ningún concelleiro nin ningunha persoa; senón contra unha resolución administrativa dunha administración que ten a obriga de defender os intereses públicos. Explica que o contencioso prodúcese porque unha entidade en liquidación solicitaba unha indemnización de 1,5 millóns de euros por incumprimento dun convenio. Nesa sentenza agrupouse todo o referido a ese convenio e no punto primeiro desestímase a pretensión dos liquidadores e dá por ben feita a anulación do convenio por parte do Concello, atendendo ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

- A concelleira Trigo Meizoso di que non é un orgullo para ningún equipo de goberno que se anule un convenio por ser unha chapuza.

O alcalde manifesta que foi un convenio para que a xente de San Sadurniño tivera un centro de día e, como a política consiste en facer posible o necesario, e San Sadurniño necesitaba un centro de día, unha infraestrutura pública, foi preciso facer un convenio. Dito convenio foi no seu momento aprobado co voto favorable do PSOE e a abstención do PP e apoiaría calquera persoa con visión política e non con ánimo de obstaculizar. O Concello ten que defender os intereses do Concello -o que non quere dicir que os propietarios da parcela teñen toda a lexitimidade para defender o que consideren que son os seus intereses- e iso é o que se está a facer e o que se fará ata a última instancia.

Ese convenio considerouse un bo trato tanto polo propio Concello como polos membros da cooperativa, as dúas partes consideraron que era bo. Tanto que incluso os liquidadores da cooperativa pleitearon no seu momento contra a súa anulación. Houbo defectos administrativos na súa tramitación e por iso se lle indica ao Concello que o convenio debe ser anulado. Pero o espírito do convenio o Concello sígueo mantendo -porque tamén a xente o consideran bo- porque o Concello tiña unha necesidade de facer unha infraestrutura pública para servizo da veciñanza e non para facer ningún pelotazo urbanístico. O Concello compensaría aquela parcela na aprobación do PXOM, que non está aprobado non por responsabilidade do concello, senón porque falta os informes sectoriais, concretamente o de Augas de Galicia que non é responsabilidade do Concello.

O convenio tiña que ter un prazo temporal, porque non se poden facer convenios sen prazo. O prazo foi de cinco anos porque se pensaba que ese prazo era suficiente para ter aprobado o PXOM. O que di o Consello Consultivo é que non se pode pactar unha



indemnización por incumprimento dun convenio. O que se aprobou naquel momento foi aprobado sen ningún informe contrario, polo que debemos concluír que non existía ningún indicio de ilegalidade, pois do contrario tería que existir un reparo suspensivo para o convenio por parte dos funcionarios de habilitación cuxa función, entre outras, é evitar que os políticos incorran en ilegalidades.

O alcalde amosa o seu convencemento de que a cantidade final non van ser os 500.000 euros, xa que o principal desacordo da sentenza é a posibilidade da restitución *in natura* da parte da parcela que non está ocupada, que é o valor máis importante xa que é parte urbana. Tamén se discrepa da valoración que fai o perito.

Asegura que o grupo municipal que ten a honra de encabezar non vai defender os intereses particulares duns poucos, senón o interese xeral e por iso negociará ata o último minuto cos propietarios lexítimos da parcela.

- Trigo Meizoso pregunta por qué non se negociou antes.

O alcalde di que non é certo que non se quixera negociar. Explica que o primeiro día se reuniron a concelleira Amparo Calvo, o concelleiro Manolo Varela e el mesmo co tesoureiro do Concello e outros dous liquidadores da cooperativa no local en Prospes e fixeron unha proposta por escrito.

- A portavoz do PSOE pregunta se teñen xustificante desa proposta.

O alcalde resposta que si. Manifesta que a obriga de defender os intereses do Concello, por moi lexítimos que sexan os intereses particulares, é de todos os representantes públicos: goberno e oposición; que deben deixar de defender intereses particulares duns poucos, que nin sequera son os de todos os socios da cooperativa que, segundo a sentenza, poden saír prexudicados se se anula o convenio; xa que a Xunta na aprobación inicial do PXOM anulou todos os solos urbanizables que non estivesen sustentados nun convenio, permitindo manter só o que estaba afectado por un convenio co Obispado e outro coa cooperativa.

O alcalde conclúe sinalando que non se pode pretender enganar á xente como se intentou facer con uns folletos que apareceron tirados polas cunetas que, ademais de ser unha porquería, contan mentiras como que hai concelleiras e concelleiros imputados cando non é certo.

- A concelleira Trigo Meizoso pregunta se o fallo da sentenza pon 504.000 euros máis intereses ou só 504.000 euros?

O alcalde resposta que a sentenza anula o convenio, polo que os intereses non son os que contempla o convenio, que quedaría anulado xudicialmente no caso de ditarse sentenza firme no mesmo sentido. Polo tanto, os intereses haberá que calculalos como se calculan os intereses legais do diñeiro sobre a cantidade final que considere a sentenza firme.



- A concelleira de PSOE di que sentenza pon que se aplicarán aos 504.000 euros os intereses legais do diñeiro desde 2007. Que non sabe como se calculan, pero que pon iso. Que non é o mesmo que pon o En Bloque.

O alcalde resposta que se xa sabe o que pon a sentenza non ten sentido que estean preguntando por algo que xa saben. E que o En Bloque é unha publicación dun grupo municipal que non ten que analizarse nin debaterse no pleno municipal.

- A concelleira do PP, Belén Trigo, di que o Concello de San Sadurniño foi condenado a pagarlle a SOGAMA as facturas máis os intereses. Pregunta canto se lle debe a SOGAMA o día de hoxe.

O alcalde cédelle a palabra á secretaria-interventora e resposta que, segundo o seu coñecemento, o Concello de San Sadurniño non ten ningunha débeda con SOGAMA.

A secretaria-interventora manifesta que, segundo o seu coñecemento, non existe ningunha factura pendente con SOGAMA. Mesmo a última factura xa está pagada.

O alcalde explica que houbo un contencioso-administrativo do Concello contra SOGAMA por entender que estaba incumprindo o contrato no relativo ás subas que podían aplicar nas facturas, xa que o 30% que querían aplicar era superior ao IPC. Tanto é así que posteriormente o goberno da Xunta, vía lei de acompañamento dos orzamentos, modificou a lei para permitirlle esa suba a SOGAMA e que, de non pagar, seríalle descontado aos Concello da aportación do fondo de compensación local. A xustiza determinou que a Xunta tiña razón e o Concello de San Sadurniño pagoulle a SOGAMA a suba que impuxo nas facturas. Isto foi así porque a postura mantida polo Concello de San Sadurniño só foi defendida por outros concellos pequenos e volveu a producirse o dito de que "o grande comeu ao pequeno".

- A concelleira do PP di que os veciños de San Sadurniño están recibindo cartas dunha revisión catastral e que o Concello ten potestade para baixar o IBI no tanto por cento do gravame que varía. Pregunta se o goberno municipal ten pensado baixalo para axudar aos veciños a afrontar os recibos.

O alcalde resposta que si. Que, de feito, foi aprobada nunha moción por unanimidade no pleno; pero que haberá que aplicalo cando a regularización estea finalizada, porque esta non se aplicará na anualidade do 2018.

Explica que o que se acordou nesa moción é analizar cal é o tipo de gravame que é mellor aplicar para compensar a suba promovida polo goberno central. E aínda así non se poderá compensar na súa totalidade, xa que a raíz dunha modificación da lei do catastro, inclúense bens, como os destinados a usos agropecuarios que son a principal discrepancia nas valoracións. Polo tanto, as persoas que teñen un ben de uso agropecuario teñen que pagar por algo que antes non pagaba, aínda que paguen o mínimo que permite a lei.



En calquera caso, manifesta que se debe ser prudente coa baixada de tipo que se poida facer, porque se poderían dar situación discriminatorias e non óptimas como que titulares de grandes propiedades se viran beneficiados por unha baixada que debería ter como obxectivo axudar a titulares de explotacións agropecuarias. O alcalde interpela á concelleira do PP para saber se esa é a postura defendida polo seu grupo.

A concelleira do PP resposta que non é o mesmo baixar o IBI de terreos forestais que nas casas, que este último favorece moito máis aos veciños, xa que o Concello de San Sadurniño é o máis caro da comarca.

O alcalde asegura que esa afirmación é falsa e convida á concelleira a comprobar as ponencias de valores dos concellos limítrofes. Manifesta que o IBI dos concellos de San Sadurniño e de As Pontes son os máis baixos, xa que o IBI non se calcula só tendo en conta a porcentaxe do gravame, senón que hai que ter en conta o valor sobre o que se aplica; porque non é o mesmo o 1% de 100 que o 1% de 1.000.000, aínda que siga sendo o 1%. Asegura que vivendas de iguais características pagan menos en San Sadurniño que na Capela, por exemplo; xa que a ponencia de valores neste último concello é máis alta porque a de San Sadurniño é das máis vellas, e aínda que a porcentaxe sexa menor, o custo final do recibo é máis alto. Esta cuestión é fácil de comprobar se se fai un traballo de comprobación comparando ponencias catastrais, gravame e os recibos.

O concelleiro de facenda, Xesús Soto, solicita intervir para explicar que non hai un proceso de revisión catastral; senón que hai un proceso de regularización catastral iniciado polo Ministerio de Facenda. En segundo lugar, quere aclarar que o goberno municipal cumpre os compromisos e que cumprirá co acordado na moción aprobada no 2016 relativa á adopción de medidas para paliar os efectos da regularización, pero non se pode facer ata que se coñezan os resultados, cos datos na man. Tamén anuncia que as medidas van ir máis alá que os efectos da regularización, xa que van adoptarse medidas complementarias que poden ser exencións ou bonificacións no marco e na marxe que permita lei, máis alá da baixada de tipo que se poida facer, para beneficiar as capas máis desfavorecidas da poboación. Asegura que o BNG cumpre cos compromisos e non coma o PP de Cabanas que no 2016 anunciou a baixada do tipo de gravame do IBI rústico ao 0,3% e a día de hoxe pode comprobarse tal incumprimento.

- A concelleira do PP, Trigo Meizoso, pregúntalle ao concelleiro de facenda se o Concello de San Sadurniño solicitou unha revisión do catastro xunto con outros concellos da provincia da Coruña que só se lle concedeu a catro nesta provincia, entre eles San Sadurniño?

O concelleiro resposta que a esa pregunta ten que contestar que non.

A concelleira di que o pon no BOE.

O concelleiro de facenda asegura que non. Que tal e como se está facendo a pregunta, a resposta é que non.



O alcalde pecha o debate manifestando que é necesario aprender a ler para non crelo todo, incluso o BOE.

Non habendo máis preguntas nin máis asuntos que tratar, o alcalde levanta a sesión sendo as 12:08 horas da data sinalada.

O alcalde

Secundino García Casal

A secretaria

Iria Luisa Díaz Gavela